



## Concello de Ortigueira

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Expte:** 1576/2024

**Asunto:** Aprobación expediente contratación

**Procedemento:** Aberto simplificado sumario para a contratación das obras Melloras na Residencia de Anciáns Dolores Diaz de Davila

#### Antecedentes

1º.- Por resolución da alcaldía número 2024-0385 de data 12.04.2024 aprobouse o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizo de Igualdade e Benestar e este Concello para o financiamento de obras de mellora na Residencia de Maiores de Ortigueira

2º.- Consta no expediente Memoria valorada “Melloras no interior de residencia de anciáns Dolores Diaz de Davila”, por importe total de licitación 50.000,00 euros, redactada pola Arquitecta técnica municipal Marta Cortes Sierra (CV: 7RYGTZNSAN64PJ59Q3XD55J5J)

3º.- Consta no expediente declaración responsable para a realización de obras menores de conservación e mantemento ante a Deputación Provincial, non sendo preceptivas outras autorizacións sectoriais segundo se fai constar no informe da arquitecta técnica municipal

4º.- Consta no expediente informe técnico-urbanístico de data 24.07.2024, emitido pola arquitecta técnica municipal, de carácter favorable e no que se fai constar expresamente “Trátase de obras menores de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non precisan proxecto, para o que é suficiente memoria valorada que contén: memoria, planos e presupost

5º.- Pola Intervención Municipal expediuse documento de retención de crédito e informe sobre a porcentaxe que o orzamento do proxecto representa respecto do importe dos recursos ordinario do orzamento para a determinación dos órganos competentes en materia de contratación.

6º.- Pola Xunta de Goberno Local, na sesión desenvolvida o 26.07.2024 aprobouse a Memoria valorada “Melloras no interior de residencia de anciáns Dolores Diaz de Davila”, por importe total de licitación 50.000,00 euros, redactada pola Arquitecta técnica municipal Marta Cortes Sierra (CV: 7RYGTZNSAN64PJ59Q3XD55J5J)

7º.- Con data 31.07.2024 asinouse a acta de trazado de planta previo da obra

8º.- Por providencia da alcaldía do día 06.08.2024 acordouse iniciar os tramites para a contratación de referidas obras de mellora no interior da Residencia de Anciáns Dolores Diaz de Dávila”

9º.- Con data 06.08.2024 incorporase ao expediente informe xustificativo da contratación coas directrices de xestión necesarios para elaboración de documentos contractuais, o prego de cláusulas administrativas particulares e o cadro de características particulares.

10º.- Con data 06.08.2024 emitiuse o informe xurídico

11º.- Con data 09.08.2024 pola Interventora municipal emítese informe de fiscalización fase A de conformidade

#### LEXISLACIÓN APLICABLE



## Concello de Ortigueira

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

### CONSIDERACIÓNS

Segundo consta no informe xustificativa da necesidade deste contrato, esta obedece a: a necesidade de *mellorar as condicións actuais de salubridade e utilización das persoas usuarias da residencia de anciáns, procedendo a reparación de varios aseos das habitacións de planta primeira, pintura de paredes e teito que sufriron filtracións de auga e substitución de dúas fiestras da cuberta da cociña*

O Concello carece dos medios propios necesarios para executar a obra polo que é preciso tramitar un expediente de contratación para isto.

En canto ao procedemento de adxudicación, optase polo aberto simplificado sumario por concorrer os supostos previstos no artigo 159.6 da LCSP

Como criterios de adxudicación estableceuse o prezo e a ampliación do prazo de garantía, do seguinte xeito:

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA	45
	AMPLIACIÓN PRAZO DE GARANTÍA	15
	REDUCIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN:	40
	PUNTUACIÓN TOTAL MÁXIMA	100

Polo exposto, unha vez incorporada ao expediente a documentación preceptiva, e de conformidade co establecido no artigo 117 e da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

### RESOLVO:

**1º.- APROBAR** o expediente de contratación das obras comprendidas Memoria valorada “Melloras no interior de residencia de anciáns Dolores Diaz de Davila”, redactada pola Arquitecta técnica municipal Marta Cortes Sierra (CV: 7RYGTZNSAN64PJ59Q3XD55J5J), cun orzamento de base de licitación por importe de 50.000,00 euros e consecuentemente, aprobar a documentación que o integra.

**2º.-** Autorizar o gasto, en contía de 50.000,00 euros IVE incluído con cargo aplicación 231--632 do orzamento vixente para o financiamento de referida contratación (RC 220240010697)

**3º.-** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación, que será o **aberto simplificado sumario** por concorrencia do suposto previsto no artigo 159.6 da LCSP, con aplicación de varios criterios de adxudicación en base á relación calidade-prezo da prestación, avaliábel mediante a aplicación de fórmulas.

**4º.-** Publicar un anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.





## Concello de Ortigueira

---

5º. Publicar no perfil de contratante o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas e a restante documentación necesaria para a presentación das ofertas; así como o informe de necesidade da contratación, e demais documentación prevista na normativa de contratación do Sector Público.

En Ortigueira, na data que figura na marxe

José Valentín Calvín Fondevila

Alcalde

Dilixencia de Secretaría Xeral

Para facer constar que , para os efectos so disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas; esta resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura.

O Secretario

Documento asinado dixitalmente

